

**RESOLUCIÓN do 21 de novembro de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocados pola Orde do 4 de xullo de 2018, pola que se da publicidade a diversos acordos.**

Na sesión que tivo lugar o día 21 de novembro de 2018, o tribunal nomeado pola Orde do 3 de outubro de 2018 (DOG núm 195, do 11 de outubro), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local categoría de policía, quenda de acceso libre, convocados pola Orde do 4 de xullo de 2018, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Anular, en sesión previa á corrección dos exercicios e sobre a base das alegacións presentadas, as seguintes preguntas do cuestionario tipo test: número 84, número 89 e número 90, que se engaden á pregunta número 54, anulada o día de celebración da proba. No seu lugar, valoráronse para conformar a nota final da proba de avaliación de coñecementos as preguntas de reserva números 101, 102, 103 e 104.

**SEGUNDO.-** Publicar, como ANEXO I a esta Resolución, a listaxe de persoas aspirantes que obtiveron unha nota superior ao 5 na proba de avaliación de coñecementos. Nos supostos de coincidencia de nota síguese a orde alfabética dos apelidos dos aspirantes, xa que aínda non se poden aplicar os criterios de desempate previstos nas bases da convocatoria (Base 6.9.). En consecuencia, neses casos a posición dos aspirantes na listaxe debe considerarse provisional.

**TERCEIRO.-** Recórdase que, en Resolución do 7 de novembro de 2018, este Tribunal acordou que para a realización do terceiro exercicio (probos de aptitude física) serán convocados os 120 primeiros aspirantes que resulten aprobados na proba de avaliación de coñecementos. Prevíase, ademais, que no caso de existir un empate no posto 120º se incluírían todos os aspirantes coa mesma nota. Despois de facer a corrección, non existe empate no posto 120º, polo que o último aspirante convocado á realización do terceiro exercicio é o que ocupa o posto número 120 da listaxe incluída no ANEXO I.

**CUARTO.-** Recórdase tamén que, na mesma Resolución do 7 de novembro de 2018, este Tribunal acordou que a proba de galego a realizarían todos aqueles aspirantes que

resultasen aprobados na proba de avaliación dos coñecementos e non tivesen acreditado o nivel CELGA 4 ou equivalente. Polo tanto, todos aqueles aspirantes que figuran no ANEXO II “Lista definitiva de persoas non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega” da Resolución do 22 de outubro de 2018, pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda libre (DOG núm 205 de 26 de outubro), e que aparezan no ANEXO I desta Resolución, deberán realizar a proba de coñecemento da lingua galega, no lugar e data que se determine dacordo coas bases da convocatoria.

A Estrada, 21 de novembro de 2018.

Luis Miguez Macho

Presidente do tribunal